

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: I.E.S. de Poio

DEPARTAMENTO: Xeografía e Historia

DATA:14/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

2. Avaliación e cualificación.

2.1. Nos cursos da ESO e 1º de Bacharelato

2.2. O caso de 2º de Bac, a excepcionalidade

2.3. Avaliación de materias pendentes

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

3.1 Actividades

3.2 Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)

3.3 Materiais e recursos

4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Listado de contidos, estándares e competencias imprescindibles 1º ESO:

Contido	Criterio	Estándares	Competencias clave
▪ B3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia.	▪ B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.	▪ XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.	▪ CSC ▪ CCEC
▪ B3.2. Fontes históricas.	▪ B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas.	▪ XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.	▪ CSC ▪ CAA
		▪ XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, sexan estas restos materiais ou textuais.	▪ CSC ▪ CAA
		▪ XHB3.2.3. Compara dous relatos a distintas escalas temporais sobre as conquistas de Alexandre.	▪ CSC ▪ CAA
▪ B3.3. Cambio e continuidade.	▪ B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.	▪ XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.	▪ CSC ▪ CMCCT
▪ B3.4. Tempo histórico.	▪ B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).	▪ XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	▪ CSC ▪ CMCCT
▪ B3.5. Vocabulario histórico e artístico.	▪ B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	▪ XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.	▪ CSC ▪ CCL
▪ B3.6. Evolución das especies e a hominización.	▪ B3.6. Entender o proceso de hominización.	▪ XHB3.6.1. Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana.	▪ CSC ▪ CMCCT
▪ B3.7. Periodización da Prehistoria e a Idade Antiga.	▪ B3.7. Datar a Prehistoria e a Idade Antiga, e distinguir a escala temporal de etapas como estas.	▪ XHB3.7.1. Distingue etapas dentro da historia antiga.	▪ CSC ▪ CMCCT
▪ B3.8. Prehistoria e Idade Antiga: visión global.	▪ B3.8. Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e os acontecementos históricos máis salientables da Prehistoria e da Idade Antiga, para adquirir unha perspectiva global da súa	▪ XHB3.8.1. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CAA

	evolución.		
▪ B3.9.1. Paleolítico: etapas; características das formas de vida; cazadores colectores. ▪ B3.9.2. Neolítico: revolución agraria e expansión das sociedades humanas; sedentarismo; artesanía e comercio; organización social. ▪ B3.9.3. Prehistoria galega: megalitos e petróglifos.	▪ B3.9. Coñecer as características da vida humana correspondentes aos dous períodos en que se divide a Prehistoria: Paleolítico e Neolítico.	▪ XHB3.9.1. Explica a diferenza entre os dous períodos en que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un.	▪ CSC ▪ CCL ▪ CAA
		▪ XHB3.9.2. Analiza a transcendencia da revolución neolítica e o papel da muller nela.	▪ CSC ▪ CAA
▪ B3.10. Aparición dos ritos: restos materiais e artísticos; pintura e escultura.	▪ B3.10. Identificar os primeiros ritos relixiosos.	▪ XHB3.10.1. Recoñece as funcións dos primeiros ritos relixiosos como os da "deusa nai".	▪ CSC ▪ CCEC
▪ B3.11. Idade Antiga: primeiras civilizacións urbanas. Mesopotamia e Exipto. Sociedade, economía e política.	▪ B3.11. Coñecer algunhas características da vida humana neste período, así como o establecemento e a difusión de diferentes culturas urbanas, despois do neolítico.	▪ XHB3.11.1. Describe formas de organización socio-económica e política, novas ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
▪ B3.12. Idade Antiga: invención da escritura.	▪ B3.12. Recoñecer a importancia da descuberta da escritura.	▪ XHB3.12.1. Diferencia entre as fontes prehistóricas (restos materiais e ágrafos) e as fontes históricas (textos).	▪ CSC ▪ CAA
▪ B3.13. Idade Antiga: historia de Exipto.	▪ B3.13. Explicar as etapas en que se divide a historia de Exipto.	▪ XHB3.13.1. Interpreta un mapa cronolóxico-xeográfico da expansión exipcia.	▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CAA
		▪ XHB3.13.2. Describe as principais características das etapas históricas en que se divide Exipto.	▪ CSC ▪ CCL
▪ B3.14. Idade Antiga: relixión exipcia.	▪ B3.14. Identificar as principais características da relixión exipcia.	▪ XHB3.14.1. Explica como materializaban os exipcios a súa crenza na vida do alén.	▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL
		▪ XHB3.14.2. Realiza un mapa conceptual cos principais deuses do panteón exipcio.	▪ CSC ▪ CCEC ▪ CAA
▪ B3.15. Idade Antiga: arte en Mesopotamia e Exipto.	▪ B3.15. Localizar e describir algúns exemplos arquitectónicos de Exipto e de Mesopotamia.	▪ XHB3.15.1. Localiza nun mapa os principais exemplos da arquitectura exipcia e da mesopotámica.	▪ CSC ▪ CCEC ▪ CAA
▪ B3.16. Mundo clásico. Grecia: as "polis" gregas e a súa expansión.	▪ B3.16. Coñecer os trazos principais das polis gregas e a transcendencia do concepto de democracia.	▪ XHB3.16.1. Identifica trazos da organización socio-política e económica das polis gregas a partir de fontes históricas de diferentes tipos	▪ CSC ▪ CAA

		XHB3.16.2. Describe algunhas das diferenzas entre a democracia grega e as democracias actuais.	- CSC - CCL - CAA
B3.17. Mudo clásico. Grecia: expansión comercial e política das polis gregas.	B3.17. Entender a transcendencia do concepto de colonización.	XHB3.17.1. Localiza nun mapa histórico as colonias gregas do Mediterráneo.	- CSC - CAA
B3.18. Mundo clásico. Imperio de Alexandre Magno e os seus sucesores: helenismo.	B3.18. Distinguir entre o sistema político grego e o helenístico.	XHB3.18.1. Elabora un mapa do imperio de Alexandre.	- CSC - CAA
		XHB3.8.2. Contrasta as accións políticas da Atenas de Pericles co imperio de Alexandre Magno.	- CSC - CAA

Listado de contidos, estándares e competencias imprescindibles 2º ESO:

Contido	Criterio	Estándares	Competencias clave
B3.5. Vocabulario histórico e artístico.	B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.	- CSC - CCL
B3.6. Idade Media: concepto e as subetapas (alta, plena e baixa Idade Media).	B3.6. Caracterizar a alta Idade Media en Europa e recoñecer a dificultade da falta de fontes históricas neste período.	XHB3.6.1. Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado.	- CSC - CAA
B3.7. Caída do Imperio Romano en Occidente: división política e invasións xermánicas. Imperio Bizantino e reinos xermánicos.	B3.7. Describir a nova situación económica, social e política dos reinos xermánicos.	XHB3.7.1. Compara as formas de vida (en diversos aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos	- CSC - CAA
B3.8. Feudalismo.	B3.8. Explicar a organización feudal e as súas consecuencias.	XHB3.8.1. Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños.	CSC
B3.9. Islam. Península Ibérica: invasión musulmá. Evolución de Al-Andalus e dos reinos cristiáns.	B3.9. Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns, nos seus aspectos socioeconómicos, políticos e culturais.	XHB3.9.1. Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior.	- CSC - CCEC
		XHB3.9.2. Explica a importancia de Al-Andalus na Idade Media.	- CSC - CCEC - CMCCT - CCL
B3.10. Reconquista e repoboación.	B3.10. Entender o proceso das conquistas e a repoboación dos reinos cristiáns na Península Ibérica e as súas relacións con Al-Andalus.	XHB3.10.1. Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiáns na Península Ibérica.	- CSC - CAA
		XHB3.10.2. Explica a	CSC

		importancia do Camiño de Santiago.	▪ CCEC ▪ CCL
▪ B3.11. Expansión comercial europea e recuperación das cidades. Crise da baixa Idade Media: a 'Peste Negra' e as súas consecuencias.	▪ B3.11. Entender o concepto de crise e as súas consecuencias económicas e sociais.	▪ XHB3.11.1. Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas.	▪ CSC
▪ B3.12. Arte románica, gótica e islámica.	▪ B3.12. Comprender as características e as funcións da arte na Idade Media.	▪ XHB3.12.1. Describe características da arte románica, gótica e islámica.	▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL

Listado de contidos, estándares e competencias imprescindibles 3º ESO:

Contido	Criterio	Estándares	Competencias clave
▪ B1.1. Localización. Latitude e lonxitude	▪ B1.1. Localizar e interpretar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe satélite	▪ XHB1.1.1. Clasifica e distingue tipos de mapas e imaxes satélite.	▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CD
		▪ XHB1.1.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas.	▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD
		▪ XHB1.1.3. Coñece e interpreta os tipos mapas temáticos	▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CD
▪ B2.1. Organización política e territorial de España.	▪ B2.1. Coñecer a organización administrativa e territorial de España.	▪ XHB2.1.1. Distingue nun mapa político a distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias e illas.	▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CAA ▪ CSC
▪ B2.2. Sectores de actividade económica.	▪ B2.2. Analizar os datos do peso do sector terciario dun país fronte aos do sector primario e secundario, e extraer conclusións.	▪ XHB2.2.1. Compara a poboación activa de cada sector en diversos países e analiza o grao de desenvolvemento que amosan estes datos.	▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CAA ▪ CSC
▪ B2.3. Sectores económicos en Europa, en España e en Galicia.	▪ B2.3. Recoñecer as actividades económicas que se realizan en Europa nos tres sectores, identificando distintas políticas económicas.	▪ XHB2.3.1. Diferencia os sectores económicos europeos.	▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSC
▪ B2.4. Sistemas económicos do mundo.	▪ B2.4. Coñecer as características de diversos tipos de sistemas económicos	▪ XHB2.4.1. Diferencia aspectos concretos e a súa interrelación dentro dun sistema económico.	▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CCL ▪ CAA

			▪ CSC
▪ B2.5. Aproveitamento e futuro dos recursos naturais. Desenvolvimento sustentable.	▪ B2.5. Entender a idea de desenvolvemento sustentable e as súas implicacións.	▪ XHB2.5.1. Define o desenvolvemento sustentable e describe conceptos clave relacionados con el.	▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CAA ▪ CSC
▪ B2.6. Recursos naturais e actividades agrarias.	▪ B2.6. Localizar os recursos agrarios e naturais no mapa mundial.	▪ XHB2.6.1. Sitúa no mapa as principais zonas cerealistas, como exemplo de recurso agrario no mundo, e as máis importantes masas forestais do mundo.	▪ CAA ▪ CD ▪ CMCCT
		▪ XHB2.6.2. Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras de minerais no mundo.	▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CD ▪ CMCCT
		▪ XHB2.6.3. Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras e consumidoras de enerxía no mundo.	▪ CD ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CMCCT
		▪ XHB2.6.4. Identifica e nomea algunhas enerxías alternativas.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CMCCT
▪ B2.7. Pesca: tipos e problemática.	▪ B2.7. Explica e localiza os tipos de pesca e os seus problemas.	▪ XHB2.7.1. Procura información sobre a sobreexplotación dos caladoiros de pesca, usando recursos impresos e dixitais.	▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE
▪ B2.8. Sector industrial. Rexións industrializadas do mundo.	▪ B2.8. Explicar a distribución desigual das rexións industrializadas no mundo.	▪ XHB2.8.1. Localiza nun mapa os países máis industrializados do mundo, a través de lendas e símbolos adecuados.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE
▪ B2.9. Actividades terciarias: transporte.	▪ B2.9. Analizar o impacto dos medios de transporte no seu contorno.	▪ XHB2.9.1. Traza sobre un mapamundi o itinerario que segue un produto agrario e outro gandeiro desde a súa colleita ata o seu consumo en zonas afastadas, e extrae conclusións.	▪ CD ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE
▪ B2.10. Actividades terciarias: comercio.	▪ B2.10. Entender os fluxos e os bloques comerciais.	▪ XHB2.10.1. Define os indicadores que miden os intercambios económicos dun país.	▪ CAA ▪ CD ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSIEE
		▪ XHB2.10.2. Describe as características do comercio	▪ CAA

		internacional na actualidade.	▪ CCL ▪ CSC ▪ CSIEE
		▪ XHB2.10.3. Enumera as características dos bloques comerciais e as razóns polas que se constitúen.	▪ CAA ▪ CCL ▪ CSC ▪ CSIEE
▪ B2.11. Turismo.	▪ B2.11. Analizar o desenvolvemento do turismo e a súa importancia económica.	▪ XHB2.11.1. Identifica os tipos de turismo e os seus efectos	▪ CAA ▪ CCL ▪ CCEC ▪ CSIEE ▪ CD
		▪ XHB2.11.2. Valora a importancia do turismo na economía española e galega.	▪ CAA ▪ CCL ▪ CCEC ▪ CSIEE ▪ CD

Listado de contidos, estándares e competencias imprescindibles 4º ESO:

Contido	Criterio	Estándares	Competencias clave
▪ B1.1. Século XVIII en Europa: do feudalismo ao absolutismo e o parlamentarismo das minorías. Francia, Inglaterra, España e Galicia.	▪ B1.1. Explicar as características do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e económico.	▪ XHB1.1.1. Establece, a través da análise de textos, a diferenza entre o Absolutismo e o Parlamentarismo.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
		▪ XHB1.1.2. Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
▪ B1.2. Ilustración.	▪ B1.2. Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América.	▪ XHB1.2.1. Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgúns monarquías.	▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL
▪ B1.3. Arte e ciencia en Europa no século XVIII.	▪ B1.3. Coñecer os avances da Revolución Científica desde os séculos XVII e XVIII.	▪ XHB1.3.1. Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria, e contextualiza o papel dos científicos na súa propia época.	▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CAA
		▪ XHB1.3.2. Comprende as implicacións do empiricismo e o método científico nunha variedade de áreas.	▪ CSC ▪ CMCCT
▪ B2.1. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: bases ideolóxicas (liberalismo, nacionalismo e	▪ B2.1. Comprender o alcance e as limitacións dos procesos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX.	▪ XHB2.1.1. Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL

rexionalismo), económicas e sociais; principais consecuencias.			
		XHB2.1.2. Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as.	- CSC - CAA - CCL
B2.2. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: periodización e feitos principais. Restauración. Procesos unificadores e independentistas. O caso español	B2.2. Identificar os principais feitos das revolucións liberais burguesas en Europa e América nos séculos XVIII e XIX.	XHB2.2.1. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contras.	- CSC - CAA - CCL
		XHB2.2.2. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas do século XVIII, acudindo a explicacións causais, e indica os proles e os contras.	- CSC - CAA - CCL
		XHB2.2.3. Discute as implicacións da violencia empregando diversos tipos de fontes.	- CSC - CAA - CCL
B3.1. Revolución Industrial: concepto; factores económicos, sociais e ideolóxicos que a fan posible.	B3.1. Describir os feitos salientables da Revolución Industrial e o seu encadeamento causal.	XHB3.1.1. Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra.	- CSC - CAA - CCL
B3.2. Revolución Industrial: desde Gran Bretaña ao resto de Europa.	B3.2. Analizar as vantaxes e os inconvenientes de ser un país pioneiro nos cambios.	XHB3.2.1. Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas.	- CSC - CAA - CCL
		XHB3.2.1. Compara o proceso de industrialización en Inglaterra e nos países nórdicos.	- CSC - CAA - CCL
B3.3. Consecuencias da Revolución Industrial. Movemento obreiro (orixes, ideoloxías e formas de organización).	B3.3. Entender o concepto de progreso, e os sacrificios e os avances que leva consigo.	XHB3.3.1. Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais.	- CSC - CSIEE - CCL
B3.4. Discusión en torno ás características da industrialización en España e Galicia: éxito ou fracaso?	B3.4. Analizar a evolución dos cambios económicos en España e en Galicia, a raíz da industrialización parcial do país.	XHB3.4.1. Especifica algunhas repercusións políticas como consecuencia dos cambios económicos en España.	CSC
B3.5. A ciencia no século XIX.	B3.5. Coñecer os principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX, e a súa relación coas revolucións industriais	XHB3.5.1. Elabora un eixe cronolóxico, diacrónico e sincrónico, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX.	- CSC - CAA - CMCCT

▪ B4.1. O imperialismo no século XIX: concepto.	▪ B4.1. Identificar as potencias imperialistas e a repartición de poder económico e político no mundo no derradeiro cuarto do século XIX e no principio do XX.	▪ XHB4.1.1. Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influiría na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
		▪ XHB4.1.2. Elabora discusións sobre eurocentrismo e a globalización.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
▪ B4.2. Imperialismo: causas, desenvolvemento e consecuencias.	▪ B4.2. Establecer xerarquías causais (aspecto e escala temporal) da evolución do imperialismo.	▪ XHB4.2.1. Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.	▪ CSC ▪ CAA

Listado de contidos, estándares e competencias imprescindibles 1º BACH:

Contido	Criterio	Estándares	Competencias clave
▪ B1.1. Trazos do Antigo Réxime.	▪ B1.1. Definir e esquematizar os trazos do Antigo Réxime, describindo os seus aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais, utilizando diferentes tipos de diagramas.	▪ HMCB1.1.1. Extrae os trazos do Antigo Réxime dun texto proposto que os conteña.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
		▪ HMCB1.1.2. Obtén e selecciona información escrita e gráfica relevante, utilizando fontes primarias ou secundarias, relativa ao Antigo Réxime.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD
		▪ HMCB1.1.3. Clasifica os trazos do Antigo Réxime en aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL ▪ CCEC
		▪ HMCB1.1.4. Elabora mapas conceptuais que explican os trazos característicos do Antigo Réxime.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
▪ B1.2. Transformacións no Antigo Réxime: economía, poboación e sociedade.	▪ B1.2. Distinguir as transformacións no Antigo Réxime enumerar as que afectan a economía, a poboación e a sociedade.	▪ HMCB1.2.1. Explica as transformacións do Antigo Réxime que afectan a economía, a poboación e a sociedade.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
		▪ HMCB1.2.2. Analiza a evolución dos trazos do Antigo Réxime do século XVII e o século XVIII.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
▪ B1.3. Revolucións e parlamentarismo en Inglaterra.	▪ B1.3. Explicar o parlamentarismo inglés do século XVII resumindo as	▪ HMCB1.3.1. Describe as características do parlamentarismo inglés a	▪ CSC ▪ CCEC

	características esenciais do sistema e valorando o papel das revolucións para alcanzar as transformacións necesarias para logralo.	partir de fontes históricas.	▪ CCL
		▪ HMCB1.3.2. Distingue as revolucións inglesas do século XVII como formas que promoven o cambio político do Antigo Réxime.	▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL
▪ B1.4. O pensamento da Ilustración.	▪ B1.4. Relacionar as ideas da Ilustración co Liberalismo de comezo do século XIX, establecendo elementos de coincidencia entre ambas as ideoloxías.	▪ HMCB1.4.1. Enumera e describe as ideas da Ilustración e as do Liberalismo de comezos do século XIX.	▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL
		▪ HMCB1.4.2. Establece as semellanzas e AS diferenzas entre as ideas da Ilustración e o Liberalismo de comezos do século XIX.	▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL
▪ B1.5. Relacións internacionais: equilibrio europeo.	▪ B1.5. Describir as relacións internacionais do Antigo Réxime demostrando a idea de equilibrio europeo.	▪ HMCB1.5.1. Sitúa en mapas de Europa os países ou reinos en función dos conflitos en que interveñen.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CD
▪ B2.1. Revolución industrial: concepto, factores que a fan posible (económicos, sociais e ideolóxicos).	▪ B2.1. Obter información que permita explicar as revolucións industriais do século XIX, seleccionándoa das fontes bibliográficas ou en liña nas que se ache dispoñible.	▪ HMCB2.1.1. Identifica as causas da primeira Revolución Industrial.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
▪ B2.2. Revolución ou revolucións industriais: características. Transformacións técnicas e novas fontes de enerxía.	▪ B2.2. Describir as Revolucións Industriais do século XIX e establecer os seus trazos característicos e as súas consecuencias sociais	▪ HMCB2.2.1. Explica razoadamente a evolución cara á segunda Revolución Industrial.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
		▪ HMCB2.2.2. Analiza comparativa e esquematicamente as dúas revolucións industriais.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
▪ B2.3. Protagonismo de Gran Bretaña e extensión do proceso de industrialización a outras zonas de Europa. Industrialización extraeuropea. Industrialización española e galega.	▪ B2.3. Enumerar os países que iniciaron a industrialización, localizalos adecuadamente e establecer as rexións onde se produce ese avance.	▪ HMCB2.3.1. Localiza nun mapa os países industrializados e as súas rexións industriais.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CD
		▪ HMCB2.3.2. Analiza aspectos que expliquen o desenvolvemento económico do sector industrial dos primeiros países industrializados, a partir de fontes historiográficas.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL ▪ CMCCT
		▪ HMCB2.3.3. Debate en torno ao éxito ou o fracaso da	▪ CSC

		industrialización en España e en Galicia.	CAA
B2.4. Cambios debidos á Revolución Industrial: transportes, agricultura, poboación (migracións e novo concepto de cidade).	B2.4. Identificar os cambios nos transportes, na agricultura e na poboación que influíron ou foron consecuencia da Revolución Industrial do século XIX.	HMCB2.4.1. Sinala os cambios sociais máis relevantes do século XIX asociándoos ao proceso da Revolución Industrial.	- CSC - CAA - CSIEE
		HMCB2.4.2. Describe a partir dun plano a cidade industrial británica.	- CSC - CAA - CCL
		HMCB2.4.3. Identifica en imaxes os elementos propios da vida nunha cidade industrial do século XIX.	- CSC - CAA - CCL - CD
		HMCB2.4.4. Comenta mapas que expliquen a evolución da extensión das redes de transporte: ferrocarril, estradas e canles.	- CSC - CCL - CD
B2.5. Economía industrial: pensamento e primeiras crises.	B2.5. Analizar e seleccionar ideas que identifiquen as características da economía industrial e do liberalismo económico.	HMCB2.5.1. Explica as causas e consecuencias das crises económicas e as súas posibles solucións a partir de fontes históricas.	- CSC - CAA - CCL
B2.6. Nacemento do proletariado e organización da clase obreira: orixes do sindicalismo e correntes de pensamento; partidos políticos obreiros.	B2.6. Coñecer as correntes de pensamento que pretenden mellorar a situación da clase obreira do século XIX.	HMCB2.6.1. Compara as correntes de pensamento social da época da Revolución Industrial: socialismo utópico, socialismo científico e anarquismo.	- CSC - CAA - CCL
		HMCB2.6.2. Distingue e explica as características dos tipos de asociacionismo obreiro.	- CSC - CCL

2. Avaliación e cualificación.

2.1. Nos cursos da ESO e 1º de Bacharelato

1. Proceso de avaliación da recuperación para os alumnos que non superasen os contidos de algunha das dúas primeiras avaliacións:

a) **Se se volta ás aulas antes do final de curso**, faranse as probas presenciais nas que aparezan unha escolma das preguntas expostas nas actividades de repaso presentadas ós alumnos durante esta cuarentena, na fórmula proposta durante a mesma ou outra similar ou que se adecúe a programación.

b) **No caso de non retornar antes do final do curso**, farase unha avaliación diagnóstica en atención ás actividades presentadas polos alumnos de entre as de repaso que se lles proporcionaron durante o confinamento. Para considerar superados os contidos do curso teranse en conta dous aspectos:

1º Presentación das actividades: Para que se poda considerar recuperado o curso é imprescindible a presentación de máis do 90% das tarefas. De non ser así, a avaliación será imposible, o que derivará na non superación dos obxectivos da materia.

2º Corrección das actividades: As tarefas presentadas consideraránse válidas ou non válidas tras da súa corrección por parte do profesor/a. Para acadar o aprobado, terán que ser consideradas válidas por riba dun 80% delas. O profesor pode pedir a repetición de tarefas durante o curso tantas veces o considere necesario ou convinte ata que a mesma se considere válida.

No caso de superar estas tarefas, a nota final considerárase un 5.

2. Proceso de avaliación para aqueles alumnos que superasen os estándares dos dous primeiros trimestres:

Aplicarase un procedemento de avaliación que supoña o mantemento ou a posible mellora da media de ambos trimestres en atención a todas as tarefas de obrigada entrega postas ó seu alcance (reforzo e ampliación).

Aqueles que entreguen máis 80% das tarefas que se consideren válidas melloran medio punto a media dos dous primeiros trimestres.

Se o nivel que acadan de validez das tarefas é dun 90% melloran un punto a media dos dous primeiros trimestres.

Se acadan o 100% de tarefas validadas polo profesor, poderán subir a media dos dous primeiros trimestres punto e medio.

2.2. O caso de 2º de Bac, a excepcionalidade.

Ante a madurez e o acceso sen problemas que amosaron ata a data todos os alumnos de 2º Bac, o método de avaliación e recuperación será diferente.

1. Xeografía

No caso da asignatura de Xeografía, se están a presentar probas en tempo e forma mediante a rede que permiten manter o sistema de avaliación do curso. Neste caso ademais, todos os alumnos superaran os dous primeiros trimestres, polo que o caso da recuperación ‘non ha lugar’.

A súa cualificación aplicará o sistema antes descrito:

Aqueles que entreguen máis 80% das tarefas que se consideren válidas melloran medio punto a media dos dous primeiros trimestres.

Se o nivel que acadan de validez das tarefas é dun 90% melloran un punto a media dos dous primeiros trimestres.

Se acadan o 100% de tarefas validadas polo profesor, poderán subir a media dos dous primeiros trimestres punto e medio.

Se non acadan mellora da media, manterán a media aritmética dos dous trimestres anteriores.

2. Historia de España

No caso de Historia de España hai dúas opcións:

a) **Se se retorna a clase antes do final do trimestre:** Poderanse facer as probas de test e conceptos previstas na programación. As de comentarios de texto están tendo lugar online e xa serán tidas en conta as cualificacións acadadas por este método. As actividades xa previstas na programación están a ser validadas e correxidas individualmente (salvo tests e conceptos), o que afectará ás súas cualificacións finais coma se dun trimestre normal se tratase. Os alumnos que teñen que facer recuperacións, se se retorna á clase antes do final do curso, seguen suxeitos ó procedemento recollido na programación.

Se houberse probas que non puidesen ser feitas por motivos de calendario, aplicarase o método especificado na programación de aula, exposto no apartado de avaliación e que consiste en achar a nota mediante a proporcionalidade das cualificacións obtidas.

b) **Se non se retomasen as clases:** Consideraranse válidas as probas realizadas por internet, pero outorgándolle un valor final a este trimestre dun 20% da nota final, namentras os outros dous valerán un 40%. A avaliación basearase na entrega dos comentarios de texto propios do trimestre e dos de repaso, e todos contarán cunha valoración idéntica, aplicando unha regra de proporcionalidade para acadar a cualificación final.

Para a recuperación, no caso de non retornar a tempo, faráselles unha proba con tempo limitado e horario acordado previamente cos alumnos, que lles será suministrada por correo electrónico e que será devolta mediante fotografía (do papel de exame **escrito a man polo alumno/a**) para a súa corrección. Se resultase posible considerase a realización de videoconferencia durante este exame. A proba terá unha duración

máxima de 1h30' (ou máis, no caso de NEE) e manterá as características da proposta na programación. Se se detecta calquer tipo de fraude (letra distinta á do alumno, entrega tardía, dilación ou falta de dilixencia á hora de atopar unha hora para facer o exame ou calquera outra) a proba terá a cualificación de non apta e suporá o suspenso na asignatura.

Ó igual que durante o curso, os que superen a recuperación recibirán a cualificación de apto, cun 5 coma nota final.

2.3. Avaliación de materias pendentes

a) **No caso de retornar a tempo**, retomarase o formato exposto na programación de departamento axeitándoo ás particularidades do calendario.

b) No caso de non retornar a tempo, trazarase un calendario de entrega de probas cos diferentes cursos que en ningún caso pode superar o 10 de xuño coma data límite para a entrega dos cadernos de actividades entregados con anterioridade ou con probas establecidas polo profesor da materia que esté cursando o alumno neste momento.

Aplicaráselle a mesma fórmula que nas asignaturas ordinarias ESO:

1º Presentación das actividades: Para que se poda considerar recuperada a materia pendente é imprescindible a presentación de máis do 90% das tarefas. De non ser así, a avaliación será imposible, o que derivará na non superación dos obxectivos da materia.

2º Corrección das actividades: As tarefas presentadas consideraránse válidas ou non válidas tras da súa corrección por parte do profesor/a. Para acadar o aprobado, terán que ser consideradas válidas por riba dun 80% delas. O profesor pode pedir a repetición de tarefas durante o curso cantas veces o considere necesario ou convinte ata que a mesma se considere válida.

Corolario: A nota do boletín da recuperación será dun 5 ou máis se se cumpren estes criterios, a cualificación será decidida según a apreciación da calidade dos traballos e pode acadarse unha nota superior ó 5.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

3.1 Actividades

As actividades que se desenvolverán ao longo do terceiro trimestre, estarán destinadas a reforzar e repasar os contidos impartidos durante os dous primeiros, e que se consideran imprescindibles para as materias; así como, a ampliar ditos contidos no caso do alumnado que demostrou unha mellor asimilación e comprensión durante o período das clases presenciais.

Estas actividades adaptadas aos distintos niveis serán:

- Exercicios de resposta múltiple, resposta breve, de Verdadeiro/Falso e de cubrir ocos.
- Definicións de termos históricos ou xeográficos
- Tarefas de síntese de períodos históricos ou temas xeográficos seleccionados tales como: resumos, esquemas, cadros de síntese...
- Realización e comentario de gráficos (climogramas, pirámides de poboación...)
- Comentarios de texto e composicións históricas

3.2 Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)

No caso do **alumnado con conectividade**, o profesorado subirá a rede cada semana ou cada quincena, as tarefas que deben desenvolverse. Estas tarefas poderán consultarse e enviarse a través da aula virtual do I.E.S. de Poio, os blogs de aula e a plataforma Edmodo, así como a través do correo electrónico que cada profesor e profesora facilitou aos seus alumnos/as.

O alumnado que teña suspensas a primeira e/ou a segunda avaliación contará cunhas actividades específicas destinadas a recuperar ditas avaliacións.

O alumnado contará co apoio e resolución de dúbidas diario do profesorado a través da mensaxería de Edmodo ou do correo electrónico, e de forma puntual poderán realizarse clases online a través de WebEx Cisco System.

Para o **alumnado sen conectividade**, o profesorado preparará materiais que serán enviados á dirección do centro para que esta a través do concello de Poio lla faga chegar aos alumnos/as que o precisen.

Igual que no caso anterior, o alumnado que teña suspensas a primeira e/ou a segunda avaliación contará cunhas actividades específicas destinadas a recuperar ditas avaliacións.

3.3 Materiais e recursos

Seguiranse empregando os libros de texto de cada curso adaptando o seu uso a nova situación. Ademais, empregaranse materiais propios elaborados polos docentes, os recursos en liña ofrecidos polas editoriais, os materiais do repositorio de contidos educativos do espazo abalar e recursos existentes na rede extraídos de blogs, páxinas web ou canles de youtube.

4. Información e publicidade.

Para informar ao alumnado sobre os cambios da programación, o profesorado do departamento de Xeografía e Historia empregara as canles habituais durante o período de suspensión das clases: a aula virtual do I.E.S. de Poio, o correo electrónico, os blogs de aula e os cursos de Edmodo creados polos docentes.

Ademais, para dar publicidade á presente adaptación da programación didáctica do curso 2019/2020, esta será publicada na páxina web do centro.